



Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia

Salón dos Reis dos Parlamento de Galicia

6 de abril de 2016 / 12,30 h.

Presidente da Xunta de Galicia,

Galardoados e galardoadaas coas Medallas do Parlamento de Galicia e familias dos presidentes falecidos,

Autoridades,

Señoras e señores:

Tal día coma hoxe, hai 35 anos, promulgouse o vixente Estatuto de Autonomía de Galicia e, para conmemoralo, este Parlamento, por acordo da Mesa, entrega por vez primeira as súas Medallas ás persoas que desde a constitución da Cámara, o 19 de decembro de 1981, exerceron a súa Presidencia.

O noso Estatuto está, pois, de celebración, xa que foi aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. Non debemos esquecer os atrancos e dificultades, xa que estabamos en plena transición á democracia e construción do novo Estado, feito que superamos daquela con esforzo e valentía. Non houbo aldraxe.

No entanto, case nada era froito da casualidade ou da improvisación. Había moito camiño percorrido anteriormente.

Debemos remontarnos a 1936 cando, logo de moitos esforzos, se plebiscita afirmativamente un Estatuto para a que naquel momento se chamou Rexión Autónoma de Galicia. Era o final da Segunda República e o texto non se puido promulgar, desgraciadamente, polo comezo da Guerra Civil. Pero, máis de catro décadas despois, desaparecida a ditadura, **o Estatuto do 36 permitiulle a Galicia acceder á súa autonomía como nacionalidade histórica**, baseándose na disposición transitoria segunda da Constitución de 1978.

Os esforzos de Castelao, e de tantos outros patriotas, non resultaran baldíos. Agromaba vizoso un novo Estatuto –o vixente, o de 1981– e tiñamos unha capacidade de autogoberno nunca antes recoñecida, mais si longamente soñada polos vellos galeguistas, que, durante os anos escuros, desenvolveron un encomiable labor de construción da conciencia galega.

Así pois, hoxe, no marco da Constitución e do Estatuto, Galicia dispón dun modelo propio de autogoberno, baseado nos principios que conforman a nosa identidade.

Os galegos e as galegas reunimos as condicións de pobo diferenciado, forxadas século tras século: **territorio, cultura, idioma, historia, tradicións**,... Unha nacionalidade histórica, si; pero tamén perfectamente integrada e solidaria, sen complexos, en España, en Europa, con vencellos moi fondos en Iberoamérica, e que está moi presente no mundo globalizado.

Un **pobo universal** que se fixo desde Santiago, desde A Coruña, desde Ferrol, desde Ourense, desde Lugo, desde Vigo, desde Pontevedra, pero tamén desde Bos Aires, A Habana e tantas outras cidades do mundo nas que Galicia está presente, alí onde hai un galego, como acabamos de comprobar escoitando a emotiva adaptación do *Airiños* de Rosalía a cargo da Coral de Ruada.

A Galicia territorial e a Galicia universal, unha dualidade constante, permanente e inalterable.

Lembrando a Celso Emilio Ferreiro, a quen tiven a sorte de coñecer pola súa amizade con meu pai, Galicia é unha árbore vedraia, un carballo enorme, de firmes raiceiras, con dúas grandes ponlas: unha no mundo e outra na casa.

O feito diferencial sobre o que se asenta o noso autogoberno, consolidado neste período, reside, pois, nos galegos e nas galegas.

Galicia somos todas e todos, os de dentro e os de fóra, os que comparten a nosa cultura e os que decidiron ser galegas e galegos, aínda que non naceran nesta terra, que hai moitos e moi bos, por certo.

O noso modelo de autogoberno aséntase no propio cerne da galegitude e ten ofrecido, polo de agora, bos resultados. Por suposto que cómpre seguirmos avanzando, pero contando co criterio soberano do pobo galego.

Temos un pobo reflexivo, sabio e nobre, pouco dado a reaccións extremas, como as dos que propoñen rupturas que non lle interesan á nosa xente. Algo evidente.

Sensatez e reflexión non implican, de ningún modo, inmovilismo. Significan ter claros os obxectivos e o mellor xeito de os acadar. O demais son aventuras perigosas, nada aconsellables, moi pouco de noso, mesmo alleas.

Nestas tres décadas e media, a nosa terra dotouse das súas propias institucións e xestiona os principais servizos públicos – Servizo Galego de Saúde, ensino, infraestruturas,...-. Temos unha Administración que funciona razoablemente e que serve de modelo para outros. Algo que non é pouco.

E o mesmo que a nosa identidade se reafirma día a día, a nosa autoestima afiánzase e medra a partir de valores como a credibilidade, a solvencia, o crecemento, a riqueza e a estabilidade. Imos polo bo camino.

Se ollamos cara atrás, comprobaremos que temos tirado bo proveito das potencialidades do Estatuto e das institucións propias. Démosnos normas destacadas e imaxinativas, como

a recente reforma do Consello de Contas para ampliar as súas competencias á prevención da corrupción, ou o paquete lexislativo en materia de impulso democrático, que nos converte nun referente en materia de transparencia, participación cidadá e control sobre o financiamento dos partidos políticos, por citar aquí só algúns exemplos.

Coa chegada da democracia, sen necesidade de importar modelos nin facer experimentos, persoas como Antonio Rosón, primeiro presidente da Xunta preautonómica e primeiro presidente do Parlamento, centraron todo o seu empeño na inxente tarefa de dotar o país das institucións de autogoberno.

A don Antonio Rosón Pérez rendémoslle tributo neste día tan sinalado como un dos artífices da Autonomía, labor extraordinario no que tivo dignísimos sucesores: Tomás Pérez Vidal, Victorino Núñez Rodríguez, José María García Leira, Dolores Villarino Santiago e Pilar Rojo Noguera.

Todos e todas, protagonistas destacados da nosa Historia, porque desde a Presidencia desta Cámara souberon enfrontarse aos retos de cada momento, ofrecendo o mellor de si, facendo país.

Permítanme, as homenaxeadas e homenaxeados, que faga extensiva esta condecoración, e partícipes dela, a todas as persoas que ao longo deste tempo teñen compartido cos presidentes da Cámara o traballo na Mesa do Parlamento, moitas delas aquí presentes.

Recoñecemento implícito aos deputados e deputadas de todas as lexislaturas; ao persoal desta Casa e aos xornalistas

que se encargan de lles trasladar aos cidadáns o que aquí se propón, se debate e se aproba.

Señoras e señores: este Parlamento ten acadado consensos extraordinarios –seino ben– e debe perseverar niso, porque é o principal papel do poder lexislativo: **xuntar vontades e buscar o mellor para a xente a través do debate, aprobando logo leis máis xustas, eficaces e avanzadas.**

Nunha sociedade que escora cara ao individualismo, e ás veces desesperanzada, ningunha institución ten unha responsabilidade máis determinante que o Parlamento para dar forma, con plena seguridade xurídica, ao mandato dos cidadáns, manifestado nas urnas a través do sufraxio universal, libre, igualitario, directo e secreto.

Reivindicamos, en definitiva, a plena vixencia deste noso Parlamento, **porque máis Parlamento galego equivale a máis autogoberno**, a mellor democracia, a maior transparencia, piares da Galicia de hoxe e de mañá.

Moitas grazas.